

A Unión Europea financia aos gobernos de Turquía, Marrocos e Libia para que impidan, do modo que sexa, incluso o máis brutal, que os migrantes que lles chegan do sur subsahariano ou deste oriental, non podan sequera aproximarse ás costas europeas.

RESULTADO: Froito desta resolución, executada con frialdade asasina neses mortíferos países, son os centros de detención e prisións ignotas ao aire libre nas que a morte e a violación de toda dignidade son a Lei.

Os gobernos, partidos políticos e parlamentos da UE coñecen o sufrimento que causan. Neses “lugares de retención”, se describen condicións de vida insufribéis: amoreamento severo, comida e auga escasa, con frecuencia insalubre, violencia por parte dos gardas, malleiras, uso de descargas eléctricas y violacións constantes, secuestros para ser vendidos como mano de obra escrava e moitas mulleres introducidas en redes de prostitución.

Lembremos o sucedido na primeira quincena de xullo, cando la facción militar libia do xeral Jalifa Hafter, apoiado por Francia, bombardeou, consciente e deliberadamente, o centro de detención de Tajura, no que permanecían 800 refuxiados e migrantes que intentaron alcanzar Italia. Nesa matanza perderon a vida preto de cen refuxiados.